



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1499 -1102

DECRETO DO ALCALDE

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECIFICAS DO ALCALDE NA CONCELLERÍA DE ÁREA DE GOBERNO DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, E FESTAS ESPECIAIS.

Trala modificación da estrutura da administración municipal (2023-2027) por Resolución da Alcaldía de data 28 de xuño de 2024 procede modificar a Resolución de delegación de competencias específicas nos titulares das Concellerías de Área de Goberno e Concellerías Delegadas.

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable delegar competencias nos concelleiros/as de área e concelleiros delegados en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía -art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Delegar na **Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, e Festas Especiais** as seguintes atribucións do Alcalde, que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área xunto coas competencias xenéricas atribuídas por Decreto da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos.-

a) En materia de parques e xardíns

1. Elaborar e propoñer proxectos ao órgano competente para súa aprobación e posteriormente dirixir e xestionar un Plan Director de Melloras para a xestión, conservación e mellora das zonas verdes, áreas infantís e biosaudables e mobiliario urbano.
2. Elaborar e propoñer ao órgano municipal competente a aprobación dun Regulamento de Protección de Zonas Verdes, Espazos Naturais e Parques Forestais no que se prevexan as accións necesarias para a defensa das zonas verdes urbanas e periurbanas, das árbores e das especies vexetais nas rúas, prazas e demais bens que integran o dominio público municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo
1499-1102

Data impresión: 01/07/2024 12:23 Páxina 1 de 3
CSV: A1AH5E-A1822C-E5AEDF-EJ6LQH-1TWUAQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



3. Manter actualizado o Inventario de zonas verdes, mobiliario urbano, áreas infantís e biosaudables.
4. Dirixir e xestionar as actividades e servizos do Viveiro Municipal.
5. Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de conservación e mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias ao obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos Pregos de Condicións que rexen no contrato.
6. Competencias en materias de xestión da rede de faixas secundarias de xestión de biomasa que establece a lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
7. Xestión do convenio da cesión dun dereito de uso de determinada superficie localizada na cuberta do centro vialia-estación de Vigo para o seu destino a uso público (praza)

b) En materia de Comercio

1. Dirección e xestión das accións en materia de promoción, dinamización, fomento e desenvolvemento do pequeno e mediano comercio da cidade, principalmente en canto a formación, asociacionismo, promoción de actividade e xestión de axudas e subvencións e sinaladamente, entre outras, a actividade Vicus Spacorum.
2. A interlocución coas Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.
3. O impulso das actividades feirais.
4. Promover a participación institucional do Concello en feiras, exposicións e certames.
5. Dirección e xestión dos mercados de abastos municipais.

c) En materia de festas especiais

1. A análise, estudo e impulso das festas e eventos especiais de maior impacto na cidade, en termos sociais, económicos e de turismo.
2. O impulso, a tramitación e xestión das actuacións municipais relacionadas coas festas especiais, en particular, as relativas á celebración do Nadal, a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2024 12:23	Páxina 2 de 3
1499-1102	CSV: A1AH5E-A1822C-E5AEDF-EJ6LQH-1TWUAQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1499 -1102

Reconquista, Festa do Magosto, Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais, Festa do Mexillón, Festa do Polbo, e Festa da Sardiña.

CUARTO.- A **concelleira delegada en materia de Igualdade e Comercio** asumirá no ámbito da súa delegación e baixo a dirección e coordinación da concelleiras de área de goberno asumirá as competencias municipais en materia de comercio sinaladas no apartado segundo nos termos da Resolución da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño de 2024.

QUINTO.- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEXTO.- Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

SÉTIMO.- Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros e concelleiras.

OITAVO.- Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

NOVENO .- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo no portal de transparencia aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

DÉCIMO.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

SGF

O ALCALDE, ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ

A SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL, SUSANA GALLARDO FARIÑA



Copia do documento - Concello de Vigo
1499-1102

Data impresión: 01/07/2024 12:23

Páxina 3 de 3

CSV: A1AH5E-A1822C-E5AEDF-EJ6LQH-1TWUAQ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>